



Galicia

Comisión Executiva

Adherida á CSI e á CES

Comunicado de Prensa

Dende que hai estatísticas as taxas do IPC interanual e a subxacente non son tan baixas

Esta última apunta a un contexto de baixa demanda das familias, polo que hai que incidir na seguridade no emprego, unha política salarial que permita a recuperación do consumo, máis políticas públicas de estímulo do emprego e da economía e avanzar cara un novo modelo produtivo

Santiago, 14 de xaneiro de 2010. Os datos do IPC feitos públicos hoxe polo INE constitúen unha pata máis do banco da crise que está a afectar a todos os ámbitos económico, social e laboral. De feito, a UGT-Galicia preocúpalle e alerta sobre o feito de que dende que hai estatísticas (1962) non se rexistra no Estado unha taxa de variación interanual tan baixa, do 0,8 por cento, do 0,9 por cento en Galicia

Ademais, a taxa subxacente tampouco foi tan baixa dende que hai estatísticas neste senso, ano 1986. Esta sitúase no 0,3 por cento no Estado e en Galicia é, incluso, inferior, do 0,2 por cento.

Isto reflicte un contexto de baixa demanda e baixo consumo das familias. Polo que, dado que o consumo privado é moi baixo, debe ser o gasto público o que debe manter a demanda. De feito, UGT-Galicia reitera esta demanda, como xa ten feito noutras ocasións, ao Goberno galego.

Neste contexto, fronte aos que pretendían sacar ventaxa da evolución negativa dos prezos, UGT considera que persisten aínda os factores inflacionistas da economía, polo que é fundamental retomar o diálogo social co obxectivo de reactivar a actividade económica e mellorar o poder adquisitivo dos traballadores, garantizándoo para os traballadores que non están suxetos á negociación colectiva, como é o caso daqueles que perciben o SMI.

Para elo, o Sindiato considera imprescindible o papel da política salarial, cun acordo plurianual que tome como referencia o obxectivo de inflación do BCE e os contidos nos Presupostos Xerais do Estado, de tal xeito que o papel central o adquiren as cláusulas e os incrementos iniciais, xunto coas propostas de incremento dos salarios mínimos sectoriais.

En relación ao SMI, é imprescindible que este se sitúe en 2010 nos 700 euros mensuais (en 14 pagas), o que supón un SMI anual bruto de 9.800 euros, un 8 por cento máis que no 2009. Isto, ademais, suporía un achegamento progresivo ao obxectivo establecido na Carta Social Europea, segundo a cal este indicador debe acadar o 60 por cento do salario medio

neto e que o Goberno cumpra o seu compromiso de chegar aos 800 euros mensuais a finais da lexislatura.

Por outra banda, a evolución de todos os indicadores económicos e laborais apuntan a que a saída da crise aínda dista moito, polo que poñer freo ás políticas públicas de estímulo á economía e ao emprego sería un gran erro nestes momentos. Se a demanda interna é o principal compoñente do crecemento do PIB, hai que sostela con gasto público, que na situación actual convértese en substituto dos fogares.

Unha análise das estatísticas tamén ofrece outros datos, unha taxa de variación mensual en Galicia e no resto do Estado do 0 por cento, influída polo vestido e calzado –comezos de rebaixas- e transportes.

En termos interanuais, a taxa está influída positivamente polo incremento do transporte e vivenda, pola suba do gasóleo para calefacción.

Por provincias, as taxas rexistradas en termos interanuais son, en A Coruña, dun 1,2 por cento; Pontevedra, 0,9 por cento; Lugo, 0,7 por cento; e Ourense, dun 0,5 por cento. Hai que salientar que aínda hai dúas provincias, Ourense e Pontevedra, con taxas mensuais negativas, -0,3 e -0,1, respectivamente.

NOTA: O VOCEIRO DESTE TEMA É O SECRETARIO DE FORMACIÓN E EMPREGO DE UGT-GALICIA, JOSÉ DOMINGO BARROS. TELÉFONO: 679451570.

DATOS BÁSICOS GALICIA

Indicador	Dato
IPC Xeral: Taxa mensual	0.0
IPC Xeral: Taxa acumulada	0.9
IPC Xeral: Taxa anual	0.9
Taxa subxacente: IPSEBENE (sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos)	0.2
SERVIZOS (con aluguer de vivenda)	1.8
SERVIZOS (sen aluguer de vivenda)	1.8

Fonte: INE.

Evolución Taxa de variación interanual IPC



Galicia

Comisión Executiva

Comunicado de Prensa

	Decembro	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Galicia	1,2	0,5	0,3	-0,5	-0,6	-1,3	- 1.0	- 1,8	- 1,1	- 1,0	- 0,7	0,3	0,9
Estado	1,4	0,8	0,7	-0,1	-0,2	-0,9	- 1.4	- 1,4	- 0,8	- 1,5	- 0,8	0,3	0,8

Fonte: INE.